



## II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

### II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

#### Centro Asociado da UNED

Ourense

O Consello Reitor do Consorcio do Centro Asociado á UNED en Ourense e a súa extensión na Rúa, acordou o pasado 27 de xullo de 2021, a aprobación da relación de postos de traballo, coa estrutura que a continuación se detalla. En cumprimento do disposto nos artigos 5 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publícase un resumo dos postos que comprende, sen prexuízo da consulta de todo o expediente na sede electrónica do consorcio (<http://unedourense.es>) no portal de transparencia.

- Memoria, como documento expositivo da motivación, necesidade, contido e descrición xeral desta.
- Criterios de valoración dos distintos postos de traballo do persoal de administración e servizos.
- Organigrama, como esquema da estrutura xerarquizada dos distintos postos de traballo.
- Fichas dos distintos postos de traballo.

Núm.postos; Denominación posto; Grupo; Escala; Subescala; Centro; Valoración

4; Administrativo; III; A.especial; Admva.; Ourense; 40  
 1; Administrativo; III; A.especial; Admva.; A Rúa; 40  
 1; Administrativo; III; A.especial; Admva.; Ourense; 40  
 1; Admvo. resp.académico; III; A.especial; Admva.; Ourense; 44  
 1; Admvo. resp.económico; III; A.especial; Admva.; Ourense; 44  
 1; Conserxe; IV; A.especial; Agrup.prof.; Ourense; 34,75

Contra esta aprobación, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo dos dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio. Todo iso sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso ou acción que estimen oportuno.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O director do Consorcio do Centro Asociado á UNED en Ourense.

#### Centro Asociado de la UNED

Ourense

*El Consejo Rector del Consorcio del Centro Asociado a la UNED en Ourense y su extensión en A Rúa, acordó el pasado 27 de julio de 2021, la aprobación de la relación de puesto de trabajo con la estructura que a continuación se detalla, en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 5 y siguientes de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno, se procede a la publicación de un resumen de los puestos que comprende, sin perjuicio de la consulta de todo el expediente en la sede electrónica del consorcio (<http://unedourense.es>) en el portal de transparencia.*

- Memoria, como documento expositivo de la motivación, necesidad, contenido y descripción general de la misma.
- Criterios de valoración de los distintos puestos de trabajo del personal de administración y servicios.
- Organigrama, como esquema de la estructura jerarquizada de los distintos puestos de trabajo.
- Fichas de los distintos puestos de trabajo.

Núm. puestos; Denominación puesto; Grupo; Escala; Subescala; Centro; Valoración

4; Administrativo; III; A.especial; Admva.; Ourense; 40

1; Administrativo; III; A.especial; Admva.; A Rúa; 40  
 1; Administrativo; III; A.especial; Admva.; Ourense; 40  
 1; Admvo. resp.académico; III; A.especial; Admva.; Ourense; 44  
 1; Admvo. resp.económico; III; A.especial; Admva.; Ourense; 44  
 1; Conserxe; IV; A.especial; Agrup.prof.; Ourense; 34,75

*Contra esta aprobación, los interesados podrán interponer recurso contencioso-administrativo ante la Sala de lo Contencioso del Tribunal Superior de Justicia de Galicia dentro del plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio. Todo ello sin perjuicio de que puedan interponer cualquier otro recurso o acción que estimen oportuno.*

*Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El director del Consorcio del Centro Asociado a la UNED en Ourense.*

**R. 2.550**

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### IV. ENTIDADES LOCALES

#### Carballeda de Valdeorras

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos n.º 4/2021, correspondente a modificación de créditos - suplementos de crédito - dentro do vixente orzamento, financiadas con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible, procedente da liquidación do exercicio 2020.

O Pleno deste concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de agosto de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 4/2021, correspondente á modificación de créditos - suplementos de crédito - dentro do vixente orzamento, financiadas con cargo ao remanente de tesourería dispoñible procedente da liquidación de 2020, por un importe total de 211.497,47 € destinado a suplementos de crédito (dentro do vixente orzamento) nas aplicacións orzamentarias e nas cantidades que en cada unha delas constan no expediente (destinados á execución de obras que se indican na relación de gastos comprometidos no expediente); financiándose o devandito expediente de modificación de créditos (suplemento de créditos) integramente con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible para gastos xerais, resultante da liquidación do exercicio de 2020; (expediente ao que lle corresponde o n.º 4 dos expedientes de modificación de créditos tramitados e financiados con recursos de remanentes de tesourería dispoñible - expediente de incorporación de créditos provenientes do exercicio anterior e expediente de modificación de créditos - suplemento n.º 3-; aínda que contablemente, tendo en conta a tramitación, ao día da data, dos expedientes de ampliacións de crédito por maiores ingresos afectados, correspóndelle o n.º 11/2021).

O devandito expediente someteuse a exposición pública mediante anuncio no BOP n.º 202, do día 2 de setembro de 2021, e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións na súa contra, enténdese definitivamente aprobado de conformidade co previsto no artigo 169.1 e 3, en relación co artigo 177.2, ambos da Lei reguladora das facendas locais, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 4 de marzo.

Dando cumprimento ao ordenado no artigo 169, números 1 e 3, por remisión do artigo 177.2, ambos da Lei reguladora das facendas locais, publícase resumido por capítulos o estado de ingresos e gastos do orzamento vixente no día da data, tal e como queda tras a aprobación deste expediente (sen incluír os créditos do expediente de incorporación de remanentes de crédito provenientes do exercicio anterior por un importe total de